

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Corrección de erros.-Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na publicación do devandito decreto, realizada no *Diario Oficial de Galicia* nº 103 do mércores 2 de xuño de 2010, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 9.891, preámbulo, segunda columna, último parágrafo, onde di: «Para estes efectos, o capítulo II do título II deste decreto dispón a creación e a regulación específica dunha nova sección no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Sección, ao abeiro...», debe dicir: «Para estes efectos, o capítulo II do título II deste decreto dispón a creación e a regulación específica dunha nova sección no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Sección 4ª, ao abeiro...».

Na páxina 9.892, preámbulo, segunda columna, parágrafo cuarto, liña segunda, onde di: «O capítulo II recolle a creación e a regulación específica da Sección do Rexistro...», debe dicir: «O capítulo II recolle a creación e a regulación específica da Sección 4ª do Rexistro...».

Na páxina 9.895, artigo 9º.2, segunda columna, onde di: «As vivendas que se incorporen ... de acordo cos datos que deriven da Sección do Rexistro Único...», debe dicir: «As vivendas que se incorporen... de acordo cos datos que deriven da Sección 4ª do Rexistro Único...».

Na páxina 9.913, disposición transitoria quinta, segunda columna, liñas décima e décimo primeira, onde di: «...en aluguer da que na data de publicación...», debe dicir: «...en aluguer que na data de publicación...».

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 90/2010, do 10 de xuño, polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo o profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007,

do 12 de abril, regula no seu artigo 20 a forma de elección do reitor e dispón que será nomeado polo órgano correspondente da comunidade autónoma.

Pola súa banda, os estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, dispoñen, no seu artigo 57, que o reitor será elixido pola comunidade universitaria mediante elección directa e sufraxio universal libre e secreto e nomeado pola Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 20.2º da Lei orgánica de universidades e no artigo 57 dos estatutos da Universidade de Vigo o día 9 de marzo de 2010 foron convocadas eleccións a reitor/a da Universidade de Vigo e celebradas o pasado día 20 de maio de 2010.

Recibida na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria certificación da Universidade de Vigo en que consta que na sesión da Comisión Electoral do día 26 de maio de 2010 foi proclamado definitivamente reitor electo o profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia, en cumprimento do disposto legalmente, procede o oportuno nomeamento.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por instancia da Universidade de Vigo, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xuño de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.-Nomear reitor magnífico da Universidade de Vigo o profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia.

Santiago de Compostela, dez de xuño de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Decreto 91/2010, do 10 de xuño, polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia.

De conformidade co disposto nos artigos 4, 5 e 6 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, no artigo 10 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se desenvolve a dita lei, no artigo 16.1º letras c) e d) do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, e logo da delibera-